

RESUMO DA SUBVENCIÓN PARA OS DANOS CAUSADOS POLOS INCENDIOS FORESTÁIS DE OUTUBRO 2017

- Neste documento resumimos o Decreto 102/2017 sobre os lumes (xeral), e a Orde conxunta de 27 doutubro (convocatoria e bases).
- Ó final vai a relación de documentos a presentar.
- Tamén vai o Link á Sede electrónica da Xunta para descargar os Anexos.
- Como documento adxunto enviamos tamén a declaración responsable.

Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza

DECRETO 102/2017, do 19 de outubro, de medidas urxentes de axuda para a reparación de danos causados polos incendios que se produciron en Galicia durante o mes de outubro do ano 2017

OBXETO art.1

A reparación dos danos orixinados polos incendios acontecidos durante o mes de outubro de 2017 no ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia.

NOTAS art.2

Ten carácter subsidiario. Só se percibirá esta axuda no caso de non ter as colmeas aseguradas. No caso de ter cobertura parcial do seguro, a axuda percíbese como cobertura parcial ata o límite de cuantía fixado na convocatoria.

BENEFICIARIOS art.5

- a) As persoas físicas propietarias ou usufrutuarias de vivendas que sufrisen danos que afecten tanto o inmovible como o enxoval doméstico.
- b) Os titulares dos establecementos comerciais, mercantís, industriais e turísticos en que se producisen danos derivados directamente dos incendios.
- c) Os **titulares de explotacións forestais, agrícolas e gandeiras**, polos danos e perdas derivados directamente dos incendios, así como os titulares de maquinaria afectada por incendios forestais.

d) As entidades locais, para facer fronte aos gastos derivados das actuacións levadas a cabo como consecuencia dos incendios e aos danos causados nos bens e dereitos de titularidade municipal polos incendios.

e) As confrarías de pescadores polos danos nos bancos marisqueiros derivados dos incendios.

f) As asociacións, clubs e entidades deportivas sen ánimo de lucro polos danos nas súas instalacións derivados dos incendios.

Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza

ORDE conxunta do 27 de outubro de 2017 mediante a que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria das axudas previstas polo Decreto 102/2017, do 19 de outubro, de medidas urxentes de axuda para a reparación de danos causados polos incendios que se produciron en Galicia durante o mes de outubro do ano 2017.

OBXECTO

A presente orde ten por obxecto establecer as bases reguladoras e a convocatoria das axudas previstas polo Decreto 102/2017, do 19 de outubro, de medidas urxentes de axuda para a reparación de danos causados polos incendios que se produciron en Galicia durante o mes de outubro de 2017

ÁMBITO TERRITORIAL

C. Autónoma de Galicia

NATUREZA

Son subsidiarias doutras subvencións ou sistemas de cobertura (por exemplo seguro).

Non obstante, cando o sistema de cobertura non cubra a totalidade do dano, estas axudas poden ser complementarias. (limite: o valor do dano, fixado nesta convocatoria)

PUBLICACIÓN

31 Outubro 2017

PLAZO PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

Ata o 31 de novembro 2017

CAPÍTULO VII

Axudas destinadas á reparación dos danos nas explotacións agrícolas e gandeiras polos incendios correspondentes ao ámbito competencial da Consellería do Medio Rural

[Páxinas 50.287 e ss do DOGA](#)

Artigo 21

*Convocatoria de axudas en réxime de concorrencia non competitiva por rateo por danos para a reposición de infraestruturas e equipamentos privados danados e por danos nas explotacións agrícolas e gandeiras afectadas polos incendios. Código de procedemento administrativo **MR616A**.*

BASES

Base segunda. Liñas de axuda

f) Axuda pola morte de gando ou pola **perda de colmeas** das explotacións gandeiras e apícolas (**liña VI**)

g) Axuda para a adquisición de **alimentación complementaria** para o gando en extensivo ou as colmeas nas zonas afectadas (**liña VII**)

Base terceira. Persoas beneficiarias

1. Poderanse acoller a estas axudas as persoas físicas ou xurídicas propietarias ou arrendatarias de terreos forestais, así como os **titulares de explotacións agrícolas e gandeiras**, con exclusión dos organismos públicos.

5. No caso das explotacións agrícolas e gandeiras, estas deberán estar **rexistradas no Rexistro de Explotacións Agrarias de Galicia (Reaga)** e, de ser o caso, no Rexistro Xeral de Explotacións Gandeiras e, para o caso dos animais e colmeas, consideraranse unicamente para efectos das axudas os correctamente identificados e/ou declarados.

Base cuarta. *Contía da axuda e requisitos*

f) Liña VI: (...) No caso de destrución das colmeas, **100 euros por colmea** destruída. O **límite máximo** por persoa beneficiaria será de **15.000 euros**.

g) Liña VII: no caso de adquisición de alimentación complementaria para o gando en extensivo ou as colmeas nas zonas afectadas, o **100 % do custo calculado deste para un máximo de tres meses**, **cun límite máximo** por persoa beneficiaria de **3.000 euros**.

Deben presentarse 3 orzamentos distintos.

"Como requisito para as liñas de axuda I, II, III, IV e VII deberanse presentar tres orzamentos de diferentes provedores en que se desagreguen detalladamente e se cuantifiquen os custos das actuacións que se van realizar"

Base quinta. *Conceptos subvencionables*

f) Liña VI: o valor dos animais mortos ou das colmeas destruídas e queimadas como consecuencia dos incendios forestais nas zonas afectadas.

g) Liña VII: o valor da alimentación complementaria que hai que subministrar aos animais e colmeas superviventes nas zonas afectadas, para un período máximo de tres meses, calculado en función do número de animais ou colmeas.

Base sexta. *Cálculo das axudas*

- Tómase como referencia o orzamento de menor custo.
- O IVE non é subvencionable.
- No caso das colmeas destruídas, as axudas calcularanse con base nas efectivamente afectadas, tomando como referencia un valor de 100 euros por colmea.

Base sétima. *Solicitudes*

Aquelas persoas interesadas non obrigadas á presentación electrónica, (persoas físicas) opcionalmente, **poderán presentar as solicitudes presencialmente en calquera dos lugares e rexistros** establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, utilizando o formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia.

REXISTROS:

4. Los documentos que los interesados dirijan a los órganos de las Administraciones Públicas podrán presentarse:

a) En el registro electrónico de la Administración u Organismo al que se dirijan, así como en los restantes registros electrónicos de cualquiera de los sujetos a los que se refiere el artículo 2.1.

b) En las oficinas de Correos, en la forma que reglamentariamente se establezca.

c) En las representaciones diplomáticas u oficinas consulares de España en el extranjero.

d) En las oficinas de asistencia en materia de registros.

e) En cualquier otro que establezcan las disposiciones vigentes.

Los registros electrónicos de todas y cada una de las Administraciones, deberán ser plenamente interoperables, de modo que se garantice su compatibilidad informática e interconexión, así como la transmisión telemática de los asientos registrales y de los documentos que se presenten en cualquiera de los registros.

2. As solicitudes irán dirixidas á persoa titular da Xefatura Territorial da Consellería do Medio Rural onde estea situada a infraestrutura ou explotación que sufrise danos.

PLAZO DE SUBSANACIÓN DE ERROS

Se a solicitude non estivera debidamente cuberta, públicas, o interesado será requirido para que, no prazo de 10 días hábiles contados desde o día seguinte á notificación do requirimento, emende o defecto advertido.

Base décimo terceira. Inspección previa

Os funcionarios da Consellería do Medio Rural realizarán unha inspección para comprobar o estado da madeira queimada amoreada, da queimada non comercial, das infraestruturas, bens, maquinaria, equipamentos ou medios de produción que figuren na solicitude de axuda, ou ben para comprobar as perdas de produción ou as necesidades de alimentación, que se poderá realizar antes da resolución de aprobación. Os resultados das comprobacións feitas nas inspeccións previas serán comunicados aos beneficiarios das axudas.

Base décimo cuarta. Xustificación dos traballos subvencionables

1. O prazo para executar e xustificar as axudas concedidas neste capítulo remata o **14 de setembro de 2018**.

2. Só serán subvencionables os gastos elixibles que se realicen e que se xustifique o seu gasto (factura) e pagamento (xustificante de

pagamento) desde a data de inicio do incendio e, como límite, na data de xustificación das axudas.

GASTOS SUBVENCIONABLES DENDE A DATA DO INCENDIO ATA O 14 SETEMBRO DE 2018.

3. Xunto coa notificación de remate dos traballos, achegarase a seguinte documentación:

a) Unha memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da axuda.

b) Unha memoria económica xustificativa que conterá, como mínimo, os seguintes aspectos:

- Acreditación sobre o número de unidades físicas executadas.

- Contía da axuda calculada sobre a base das actividades cuantificadas na memoria de actuación e os prezos das unidades de obra previstos no anexo IV.

e) Xustificantes do pagamento efectivo: Xustificantes de transferencia bancaria.

Base décimo quinta. *Certificación dos traballos*

1. A axuda definitiva será a resultante da comprobación final *in situ*, cando proceda, realizada por funcionarios da Consellería do Medio Rural.

3. A persoa interesada deberá manifestar expresamente a modalidade escollida para a notificación (electrónica ou en papel)

DOCUMENTOS A PRESENTAR PARA A SOLICITUDE

[Páxinas 50.294 e ss do DOGA](#)

DOCUMENTOS A PRESENTAR PARA TODA-LAS LIÑAS

1. Anexo I (solicitud)
2. Anexo III (referencias SIGPAC das parcelas)
3. Declaración responsable de que as colmeas non están aseguradas. No caso de que o seguro non cubra a totalidade das colmeas, presentar póliza do seguro donde se reflexe a cobertura parcial. Envías un modelo de declaración responsable feito por AGA e previamente falado coa Xefatura territorial da Consellería.
4. Memoria xustificativa dos danos. (explicado no seguinte punto)

DOCUMENTOS PARA AS LIÑAS VI (colmeas mortas) e LIÑA VII (alimento)

PARA A LIÑA VI, colmeas (colonia) morta:

5. Memoria de danos: un documento sinxelo donde fagamos constar: o número de colmeas afectadas, a localización das mesmas (poñer o nome da finca, a parroquia, e o Concello), tamén poñer a data do lume, e o código REGA da explotación.
6. Na memoria tamén debe constar: O Informe oficial do: Distrito Forestal, Garda Civil, Concello, Oficina Agraria, donde conste que as colmeas morreron a consecuencia dun incendio forestal.

Este último trámite normalmente faise no momento do lume, pero se non se fixo aínda hoxe poderíase pedir, recomendable ir ó Concello según din na Consellería.

PARA A LIÑA VII, alimento:

7. Memoria de danos: un documento sinxelo donde fagamos constar: o número de colmeas afectadas, a localización das mesmas (poñer o nome da finca, a parroquia, e o Concello), tamén poñer a data do lume, e o código REGA da explotación.

Temos que facer constar; xustificación da necesidade de proporcionar alimento complementario e cálculo desagregado do volume de alimento necesario, en función do número de colmeas, para un período de 3 meses.

Neste punto expresamos que a contorna do lugar donde está o apiario ardeu deixando ás abellas sen flora da que alimentarse. Por outra banda, expresaremos un cálculo do alimento necesario para as nosas colmeas durante 3 meses (poñede o que necesitedes, propoñemos unha cantidade de 20kg alimento/colmea para os tres meses).

8. Na memoria tamén debe constar, o Informe oficial do: Distrito Forestal, Garda Civil, Concello, Oficina Agraria, donde conste que as colmeas morreron a consecuencia dun incendio forestal. Igual que no caso anterior, se non se pediu, aínda hai posibilidade de facelo indo preferiblemente o Concello.
9. Tres orzamentos de diferentes provedores en que se desagreguen detalla e cuantificadamente as ofertas presentadas para proporcionar o alimento seleccionado.

Todos os **ANEXOS** se poden descargar neste enlace:

<https://sede.xunta.gal/detalle-procedemento?codtram=MR616A&ano=2017&numpub=1&lang=gl>

MÁIS INFO: Links ó DOGA

ASOCIACIÓN GALEGA DE APICULTURA -AGA-

DECRETO

http://www.xunta.gal/dog/Publicados/2017/20171020/AnuncioG0244-191017-0005_gl.pdf

ORDE CONXUNTA:

http://www.xunta.gal/dog/Publicados/2017/20171030/AnuncioG0244-271017-2_gl.pdf

Se tedes algunha dúbida podedes chamar á oficina de AGA en Santiago nos seguintes teléfonos e preguntar por Laura:

981 589 534 (horario 9:00 - 14:00)

640 230 155 (horario de 16:00-18:00)